

ISABEL GARCÍA-RODEJA GAYOSO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do vinte e cinco de marzo de dous mil dez, tomou o seguinte acordo:

Primeiro.- Os profesores colaboradores que tivesen prorrogado o seu contrato e obtivesen a avaliación previa favorable para a adquisición do carácter indefinido do contrato de profesor colaborador ante a ACSUG, poderán solicitar, en calquera momento, a transformación dos seus contratos en indefinidos.

Segundo.- Os profesores colaboradores que teñan contrato indefinido ou obtivesen a avaliación previa favorable para a adquisición do carácter indefinido do contrato de profesor colaborador ante a ACSUG, posúan o título de doutor e teñan a avaliación positiva para contratado doutor, poderán acceder directamente a esta categoría contractual nas súas mesmas prazas.


Terceiro.- As solicitudes que se acollan ao disposto nos artigos primeiro e segundo deste acordo deberán acompañarse do informe do departamento correspondente.

Cuarto.- O reitor resolverá as peticións que se presenten o abeiro do disposto neste acordo, unha vez tramitadas ante o Consello Social as modificacións da relación de postos de traballo que sexan necesarias.

Quinto.- Facúltase o reitor para que dite as instrucións necesarias para a posta en marcha do disposto no presente acordo.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a vinte e seis de marzo de dous mil dez, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Senén Barro Ameneiro



TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS DE PROFESORES COLABORADORES

Coa entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOMLOU), deixase sen contido o artigo 51 da LOU que regulaba a figura do profesor colaborador, quedando esta como figura excepcional e pendente de desenvolvemento regulamentario (disposición transitoria segunda), aínda que o RD 989/2008 determinou despois cuestións respecto aos concursos. Por outra banda, a disposición adicional terceira da mesma Lei orgánica 4/2007 determina que os actuais profesores colaboradores que no momento da entrada en vigor desta lei estean contratados como profesores colaboradores consonte á antiga Lei orgánica 6/2001 poderán continuar no desempeño das súas funcións docentes e investigadoras. A LOMLOU, aínda que deixa sen contido a regulación sobre profesor colaborador, tamén contempla unha posibilidade de promoción para estes profesores a través da súa disposición adicional terceira establecendo que quenes estean contratados como colaboradores con carácter indefinido, posúan o título de Doutor ou o obteñan trala entrada en vigor da Lei e obteñan a avaliación positiva para ser contratados como profesor contratado doutor accederán directamente a esa categoría nas súas propias prazas.

En Galicia o Decreto autonómico de contratación do profesorado universitario, Decreto 266/2002 do 6 de setembro, anterior a LOMLOU estableceu que os profesores colaboradores serían contratados en réxime laboral para o desenvolvemento de tarefas docentes a tempo completo ou parcial e por un período inicial de catro anos prorrogables por outros catro tralo informe favorable do órgano de avaliación externa correspondente. Estes contratos adquirirían carácter fixo logo da avaliación positiva dos dous períodos de actividade. Por esta razón na Universidade de Santiago no momento de publicación da LOMLOU no podían existir colaboradores con contrato indefinido.

Por outra banda a Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se regula o protocolo do informe e avaliación previa para a prórroga e adquisición do carácter indefinido do profesorado colaborador nas universidades públicas de Galicia contratados con anterioridade á Lei orgánica 4/2007, establece no artigo 5.b) que as persoas que tivesen prorrogado o seu contrato como profesores colaboradores por algunha das universidades públicas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 6.2 do Decreto 266/2002 poderán solicitar, en calquera momento, a emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesor colaborador ante a ACSUG.

Nesta situación non se atopan razóns para manter a necesidade de esgotar os dous períodos completos para poder transformar os contratos temporais en indefinidos si se conta con avaliación favorable, e a vez estímase convinte o axilizar as transformacións que a lei contempla para a figura de contratado doutor.

O presente acordo foi informado pola Representación Sindical na Mesa de Negociación do PDI de 12 de marzo de 2010.

É por iso que o consello de goberno na súa sesión do 25 de marzo de 2010,

Acorda

Primeiro.- Os profesores colaboradores que tivesen prorrogado o seu contrato e obtivesen a avaliación previa favorable para á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesor colaborador ante a ACSUG, poderán solicitar, en calquera momento, a transformación dos seus contratos en indefinidos.

Segundo.- Os profesores colaboradores que teñan contrato indefinido ou obtivesen a avaliación previa favorable para á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesor colaborador ante a ACSUG, posúan o título de doutor e teñan a avaliación positiva para contratado doutor poderán acceder directamente a esta categoría contractual nas súas mesmas prazas.

Terceiro.- As solicitudes que se acollan ao disposto nos artigos primeiro e segundo deste acordo deberán acompañarse do informe do departamento correspondente.

Cuarto.- O reitor resolverá as peticións que se presenten o abeiro do disposto neste acordo, unha vez tramitadas ante o Consello Social as modificacións da relación de postos de traballo que sexan necesarias.

Quinto.- Facultase o reitor para que dite as instrucións necesarias para a posta en marcha do disposto no presente acordo.